



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 16 DE MAIO DE 2022

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00024656P.**

#### **Ratificación da urxencia da convocatoria.**

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

### **2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00021657E.**

#### **Aprobación do expediente de crédito extraordinario N° 2022-CREXT-02 de importe 349.504,04 EUROS financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.**

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02\_I para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 relacionadas con anotacións en conta, polo tanto xa abonadas, recollidas nas contas bancarias municipais relativas a cotas de amortización de préstamos, xuros e outros gastos financeiros que quedaron sen aprobar no exercicio 2021, por un importe de DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL CATROCENTOS SETENTA E NOVE EUROS, CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (**232.479,47 EUROS**) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

SEGUNDO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02\_II para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 relacionadas con facturas xa abonadas a través do procedemento extraordinario de financiamento establecido na disposición adicional 94ª da Lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, denominado Mecanismo de Pago a Provedores, por un importe de CENTO DEZASETE MIL VINTE E CATRO EUROS, CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (**117.024,57 EUROS**) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02, se contra o mesmo non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma

### **3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022-CREXT-03.**

**Aprobación do expediente de crédito extraordinario Nº 2022-CREXT-03 de importe 789.468,81 euros financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021, levantamento de reparos de competencia plenaria e o recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar unha parte dos gastos rexistrados na conta 413.**

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-03 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 correspondentes ao Concello de Santiago, por un importe de SETECENTOS OITENTA E NOVE MIL CATROCIENTOS SESENTA E OITO EUROS, CON OITENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (**789.468,81 EUROS**) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-03 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-03, se contra o mesmo non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-03 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

QUINTO: Levantamento do reparo e continuación do procedemento de aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito de distintas facturas condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-03.

SEXTO. Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº 1 que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 789.468,81 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos polos mesmos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón, condicionando a eficacia deste acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-03.

SÉTIMO. Reservar unha parte do saldo actual do RLTX 2021 por importe de TRES MILLÓNS NOVECIENTOS TRINTA E SETE MIL CENTO CORENTA E SETE EUROS, CON TRES CÉNTIMOS DE EURO (3.937.147,03 EUROS) para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes.

### **4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00021054V.**

**Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-04 por importe de 1.776.025,67 € financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-04 por importe de UN MILLÓN SETECENTOS SETENTA E SEIS MIL VINTECINCO EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (**1.776.025,67 EUROS**) para a continuación dunha serie

de obras municipais financiadas orixinariamente con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2019.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 12022-CREXT-04 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 12022-CREXT-04 se contra él non se formulase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

#### **5. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00021102L.**

**Aprobación do expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-04 por importe de 58.206,72 € financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2022-SUPLE-04 por importe de CINCUENTA E OITO MIL DOUSCENTOS SEIS EUROS E OITENTA E SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (**58.206,72 EUROS**) para atender a compromisos adquiridos e completar actuacións previstas en obras de reforma de centros socioculturais.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-04 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2022-SUPLE-04 se contra él non se formulase ninguna reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

#### **6. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00021256N.**

**Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-05 por importe de 3.998.833,46 € financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-05\_I por importe de TRINTA E CATRO MIL NOVECIENTOS DEZA OITO EUROS E CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (34.918,59 EUROS) para atender ao pagamento do principal de sentenza sobre liquidación do transporte urbano correspondente ó ano 2013, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

SEGUNDO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-05\_II por importe de CATROCIENTOS SETENTA E OITO MIL TRESCIENTOS SETENTA E DOUS EUROS E CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (478.372,42 EUROS) para atender aos pagamentos de sentenza 385/2021 á empresa Arasti Barca MA SL sobre abono de facturas financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

TERCEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-05\_III por importe de DOUSCENTOS SESENTA E SEIS MIL SETECIENTOS CORENTA EUROS E TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (266.740,36 EUROS) para atender ao pagamento de obrigas derivadas da non actualización das tarifas correspondentes ao exercicio 2018 da Sociedade

Mixta de Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos (XADE) financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

CUARTO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-05\_IV por importe de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS SETENTA E DOUS MIL OITOCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS E DEZASEIS CÉNTIMOS (2.372.895,16 EUROS) para atender ao pagamento da sentenza 335/2021 por revisión de prezo do contrato con Viaqua gestión integral de augas SAU entre os anos 2012 e 2018, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

#### **7. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00024494F.**

##### **Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Iluminaciones Santiaguesas. Anualidade 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos e unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída coa empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL, segundo factura número A21.71, por un importe de DOUSCENTOS DOUS MIL SETECENTOS SEIS con VINTEÚN euros (**202.706,21 €**), en concepto de “Subministración, instalación, posta en funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos de alumeado do Nadal 2021.

Segundo. Recoñecer a obriga derivada das accións da referencia por un importe total de DOUSCENTOS DOUS MIL SETECENTOS SEIS con VINTEÚN euros (202.706,21 €), cuxos gastos se deberán anotar polo seu importe abonando á conta 413 “Acredores por operacións devengadas”.